



# Rúbrica para o protocolo de avaliación obxectiva do TFG do Grao en Dereito



TRABALLO DE FIN DE GRAO  
GRAO EN DEREITO - FACULTADE DE DEREITO

Anexo ao Protocolo  
RÚBRICA

Rúbrica para o Protocolo de avaliación obxectiva do TFG do Grao en Dereito

Redacción

Validación

Coordinadora de TFG e responsable de docencia do  
centro

Comisión de Calidade

Data e firma  
25/01/2018

Data e firma  
27/02/2018

Marta Fernández Prieto  
Coordinadora TFG Grao en Dereito

Francisca Fernández Prol  
Vicedecana de Organización Académica e Profesorado

Miguel Á. Michinel Álvarez  
Vicedecano de Planificación e Calidade

Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Comisión de Calidade

## Rúbrica para o Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito

### I. Obxecto

Esta rúbrica para o Protocolo de actuación incorporado como anexo V do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito ten por obxecto concretar, a modo de guía obxectiva de avaliación, os indicadores ou evidencias que proporcionan aos membros do tribunal avaliador ferramentas para garantir unha avaliación homoxénea e ao alumnado información e orientación precisa sobre a avaliación das competencias e resultados de aprendizaxe asociados á materia Tránsito de grao en Dereito. Coa rúbrica, preténdese achegar maior seguridade xurídica no proceso de avaliación dunha materia complexa e heteroxénea, que admite diversas tipoloxías de traballo, pero que debe vincularse adecuadamente ás competencias e resultados de aprendizaxe asignados á materia na memoria de verificación do título de Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo e nas súas sucesivas modificacións a través dos informes de seguimento anuais.

### II. Rúbrica

Os apartados a avaliar polo tribunal xeralmente nos traballos son catro do sete recollidos no anexo IV. O primeiro dos ítems -comportamento ético correcto- é un presuposto previo que debe concorrer necesariamente para a superación da materia e para comezar a avaliación pormenorizada. E os dos últimos apartados - uso de linguas estranxeiras e traballo en equipo-, só han de ser obxecto de avaliación propia nos supostos excepcionais de utilización de linguas estranxeiras ou traballo en equipo na elaboración do TFG admitidos no Regulamento, sen prexuízo de que poidan valorarse positivamente a súa utilización nalgún dos demais ítems. Cada un dos apartados avaliábelos puntúase cunha cualificación entre 0 e 2.5: S-Suspenso (0-1.24), A-Aprobado (1.25-1.74), N-Notable (1.75-2.24) ou Sb-Sobresaliente (2.25-2.50). Exclúese, cando sexa posible, a cualificación máis alta e a máis baixa.

#### PRESUPOSTO PREVIO para comezar a avaliación pormenorizada

Ítem	Competencia	Indicadores	Supera	
<b>Comportamento ético correcto</b>	<b>CT4</b>	Non se detecta o emprego de medios fraudulentos ou plaxio na elaboración do TFG: O alumno/a non utiliza como propias ideas ou fragmentos doutro autor/a, sen facer referencia expresa ao mesmo nin á fonte impresa, electrónica ou audiovisual:	SI	

## Rúbrica para o Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito

		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non copia directamente frases ou fragmentos de texto doutro autor/a sen entrecomillar e citar a fonte.</li> <li>• Non resume ideas alleas sen a correspondente referencia bibliográfica.</li> </ul>	NON	
--	--	--	-----	--

### AVALIACIÓN pormenorizada (criterios avaliados en todos os TFGs, se concorre o presuposto previo)

Ítem	Competencias	Indicadores	Avaliación
<b>Tema, formulación metodolóxica e estrutura</b>	<b>CB5, CG4 e CT1</b>	(i) Entidade, interese, tratamento e, no seu caso, actualidade do tema así como correspondencia co desenvolvemento do traballo. (ii) Estrutura lóxica e elaboración coherente e sistematizada dun índice comprensivo dos contidos. (iii) Correcta formulación metodolóxica e busca, xestión e organización de datos relevantes. (iv) Adecuada introdución do traballo -xustificación, ou utilidade, relevancia, metodoloxía utilizada...-.	
<b>Contido, desenvolvemento e conclusións</b>	<b>CB1, CB2, CB3, CB5, CG1, CG2, CG3, CG4 e CT1</b>	(i) Correcta elaboración das premisas do traballo, con referencia, no seu caso, ao marco conceptual, estudo doutrinal e análise xurisprudencial. (ii) Interpretación de datos relevantes e defensa de argumentos con consistencia e rigor. (iii) Desenvolvemento do pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo. (iv) Adecuación das conclusións co corpo do traballo e relevancia das mesmas.	
<b>Expresión escrita e manexo de fontes</b>	<b>CB1, CB4, CB4, CB5 e CT1</b>	(i) Uso da linguaxe xurídica, precisa e rigorosa e non utilización da linguaxe coloquial. (ii) Comprensión do tema analizado e capacidade de síntese do/a estudante, sen reiteracións innecesarias. (iii) Redacción sen erros sintácticos, gramaticais e ortográficos e adecuada utilización dos signos de	

## Rúbrica para o Protocolo de avaliación do TFG do Grao en Dereito

		puntuación. (iv) Manexo apropiado e congruente de bibliografía, xurisprudencia, lexislación ou outra documentación relevante e uso correcto das citas.	
<b>Defensa pública</b>	<b>CB4, CG3 e CT1</b>	(i) Capacidade de ordenar, analizar, sintetizar e transmitir información no acto de defensa. Construción e sistematización adecuada en extensión, tempo e contido. (ii) Defensa clara e estrutura de ideas, argumentos e conclusións. (iii) Precisión e rigor na utilización da linguaxe verbal e non verbal, na actitude e no ton da exposición. (iv) Capacidade de réplica e de resposta ás preguntas e comentarios realizados polo tribunal.	

## AVALIACIÓN pormenorizada (criterios avaliados excepcionalmente, nos TFGs que corresponda)

Ítem	Competencia	Supostos	Avaliación
<b>Uso de linguas estranxeiras</b>	<b>CT2</b>	En traballos redactados noutros idiomas, co visto e prace da persoa titora e previa aprobación pola comisión, tendo en conta a eventual composición do tribunal avaliador. Valorarase positivamente a utilización da lingua estranxeira, sen prexuízo de que, nos ítems anteriores, deba avaliarse un uso adecuado, técnico e rigoroso da mesma tanto no traballo escrito como na defensa.	
<b>Traballo en equipo</b>	<b>CT3</b>	Cando dous estudantes compartan persoa titora e traballo, previa autorización da comisión, e sen prexuízo de que cada un deles deba presentar e defender separadamente o seu traballo e ser avaliados de forma individual. Valorarase a capacidade de liderado, de traballo colaborativo, a implicación, relación e eficacia da colaboración, o respecto á diversidade...	